

Xoves, 24 de outubro de 2019

Núm. 205

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****RIBADUMIA****Recadación***COBRANZA DA TAXA DE AUGA CORRESPONDENTE AO 2º SEMESTRE DE 2018**APROBACIÓN E EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DA TAXA DE AUGA DO 2º SEMESTRE DO ANO 2018**ANUNCIO**NOTIFICACIÓN COLECTIVA*

Por decreto da Alcaldía – Presidencia de data 01 de outubro de 2019 aprobouse o padrón da taxa de auga correspondente ao segundo semestre do ano 2018 do Concello de Ribadumia. A dita resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal exporase ao público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón.

Contra a repercusión do Canon de auga e o coeficiente de vertido poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda practicada a notificación.

*ANUNCIO DE COBRANZA*

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos taxa de auga correspondente ao segundo semestre do ano 2018 será o comprendido entre o 15 de outubro e o 20 de decembro de 2019, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora. Para os recibos domiciliados a data de cargo en conta será o día 10 de novembro de 2019

O imposto deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias: ABANCA e BANCO SABADELL.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:CKSH705EAY1D19HZ



Xoves, 24 de outubro de 2019

Núm. 205

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación o Canon da auga e o Coeficiente de verteduría, o impago no período voluntario suporá a esixencia destes conceptos directamente o contribuinte, pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda pola Xunta de Galicia.

O alcalde – presidente. David José Castro Mougán

